



EXCMO. CONCELLO DE TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da concellaría delegada de persoal de data 13.03.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

RESOLUCIÓN SOBRE A ANULACIÓN DAS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN PROFESOR/A DE ÓBOE E OUTRAS MATERIAS PARA A ESCOLA-CONSERVATORIO DE MÚSICA

Antecedentes:

1.- Mediante resolución da concellaría de Persoal de data 20.01.2020 aprobáronse as bases e a convocatoria para proceder á selección de persoal para a súa contratación laboral, temporal e a tempo parcial, ao abeiro da normativa reguladora dos contratos de traballo de duración determinada, *-servizo determinado (curso escolar 2019-2020)-*, para impartir clases no Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui da materia e instrumento que a continuación se menciona: **un/unha Profesor/a de Oboe e outras materias** (6 horas semanais a impartir un día á semana). O contrato terá como data de finalización o 5.09.2020.

2.-Mediante resolución da concellaría de Persoal de data 06.03.2020 e despois de finalizar o prazo de presentación de instancias do proceso de selección para a contratación laboral temporal, a tempo parcial dun PROFESOR DE ÓBOE E OUTRAS MATERIAS para a Escola-conservatorio do Concello de Tui, aprobouse a listaxe de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección, designouse aos membros do tribunal e convocouse ao mesmo e ás persoas aspirantes para realizar o proceso de selección o luns, 16 de marzo de 2020, nas instalacións do Conservatorio de Musica de Tui, sita na Avenida da Concordia s/n ás 11.00 horas.

3.-O 12.03.2020 a secretaría do tribunal comunica ao departamento de Persoal do Concello de Tui que, debido a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 así como ás medidas que foron adoptadas polas diferentes administracións, as probas previstas para o luns, 16 de marzo de 2020 quedan anuladas ata que se produza unha nova valoración da situación e das medidas a aplicar nos vindeiros días.





EXCMO. CONCELLO DE TUI

RESOLVO:

- 1.-Acordar a anulación das probas previstas para o luns, 16 de marzo de 2020 para a selección para a contratación temporal, a tempo parcial dun PROFESOR DE ÓBOE e outras MATERIAS para a Escola-conservatorio do Concello de Tui ata que se produza unha nova valoración da situación e das medidas a aplicar nos vindeiros días.
- 2.-Comunicar individualmente de forma telefónica, a anulación das probas ás persoas aspirantes que presentaron a súa solicitude para participar no proceso selectivo así como a nova data de realización das mesmas.
- 3- Expoñer ao público esta Resolución, para xeral coñecemento.
- 4.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asinao o Sr. Concelleiro de persoal, José Ramón Magán Rivera en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

